

PLAN FORMATIVO

PACTO SOCIAL POR
UNHA CORUÑA LIBRE
DE VIOLENCIAS
MACHISTAS



PACTO SOCIAL POR UNHA CORUÑA LIBRE DE VIOLENCIAS MACHISTAS

É un compromiso consensuado coa cidadanía para traballar conxuntamente nunha estratexia de intervención fronte ás violencias machistas.

Ademais da participación da cidadanía en xeral, no proceso-participativo priorizaranse os seguintes ámbitos:

- **Hostalería e ocio nocturno**, espazos que implican afluencia de público;
- **Medios de comunicación**, espazos que implican unha importante responsabilidade social na comunicación libre de estereotipos, concienciando e previndo comportamentos indesexados;
- **Entidades do tecido social da cidade**, espazos que desenvolven un importante papel coa cidadanía.

Con este plan formativo, dirixido ás persoas a título individual e ás empresas e entidades adheridas ao Pacto Social, búscase sensibilizar sobre a importancia do papel activo que cada persoa pode desenvolver para a erradicación das violencias machistas na súa contorna.

Este plan formativo conta con **1 curso básico de igualdade e prevención das violencias machistas** e **4 específicos**, un para cada ámbito mencionado. Cada un dos cursos ten unha duración de 4 horas, e todos son gratuítos, **previa inscrición**.

Ofreceranse diversas edicións durante o 2020 - 2021 en modalidade online e presencial. As datas concretas de realización de cada unha delas iranse publicando na páxina web e nas redes sociais. Ao realizar a preinscrición, enchendo un **formulario** (**ver código QR na última folla deste folleto, ou na páxina web**), recíbese información sobre a organización das edicións e sobre a solicitude de admisión. As prazas son limitadas.

MÁIS INFORMACIÓN:



608 201 251 - 608 710 978



www.coruna.gal/igualdade/g1/programas-e-actividades/pacto-contra-as-violencias-machistas





CURSO BÁSICO

Igualdade e prevención das violencias machistas

REQUISITOS:

Adherirse ao Pacto Social

A QUEN VAI DIRIXIDO:

A todas as persoas adheridas tanto a título individual, como entidade ou empresa

DURACIÓN:

4 horas

MODALIDADE:

- Online
- Presencial

MODO DE INSCRIPCIÓN:

É necesario encher un formulario que atoparás na páxina web ou no código QR da última folla deste folleto

DIPLOMA:

Entregarase ao finalizar o curso

Entender que as violencias machistas son un problema grave e que nos afecta a todas as persoas, constitúe un primeiro paso para conseguir unha cidade libre de violencias. Neste curso veremos os conceptos clave para comprender o fenómeno, introduciremos aspectos como a lexislación, a interseccionalidade e os mitos e realidades sobre as violencias machistas, e abordaremos como se constrúen e normalizan as diferenzas que dan lugar ás desigualdades. Coñeceremos as dimensións nas que se expresan as violencias machistas, como se manifestan e en que ámbitos teñen lugar. Finalmente, revisaremos algunhas estratexias de sensibilización, prevención, e algunhas ferramentas de intervención, facendo fincapé nas posibilidades que nos ofrece o Pacto Social para que actuemos e nos mobilicemos fronte as violencias machistas.

CURSO ESPECÍFICO

Intervención dende a hostalería fronte ás violencias machistas

A importante presenza da hostalería na vida cotiá das persoas fai que este ámbito constitúa unha peza fundamental na loita colectiva pola erradicación das violencias machistas, e na promoción de modelos alternativos de convivencia en igualdade. Neste curso veremos os diferentes tipos e manifestacións das violencias machistas que poden darse nos establecementos. Ademais, abordaremos as pautas para identificar, previr e actuar ante as violencias, pero tamén nocións básicas sobre como deseñar e implementar unha “Folla de Ruta”, isto é, un plan adaptado á realidade de cada establecemento con accións concretas para a erradicación das violencias machistas.



REQUISITOS:

Recoméndase ter realizado o Curso Básico

A QUEN VAI DIRIXIDO:

Priorizaranse os establecementos e empresas do ámbito da hostalería e o seu persoal empregado

DURACIÓN:

4 horas

MODALIDADE:

- Online
- Presencial

MODO DE INSCRIPCIÓN:

É necesario encher un formulario que atoparás na páxina web ou no código QR da última folla deste folleto

DIPLOMA:

Entregarase ao finalizar o curso



CURSO ESPECÍFICO

Intervención dende os locais de ocio nocturno fronte ás violencias machistas

REQUISITOS:

Recoméndase ter realizado o Curso Básico

A QUEN VAI DIRIXIDO:

Priorizaranse os establecementos e empresas do ámbito do ocio nocturno e o seu persoal empregado

DURACIÓN:

4 horas

MODALIDADE:

- Online
- Presencial

MODO DE INSCRICIÓN:

É necesario encher un formulario que atoparás na páxina web ou no código QR da última folla deste folleto

DIPLOMA:

Entregarase ao finalizar o curso

Nos contextos de ocio nocturno danse actitudes e condutas asociadas ás violencias machistas que a miúdo son minimizadas, en especial as de tipo sexual. Por iso, os establecementos de ocio nocturno son axentes clave para evitar a permisividade das violencias machistas e que sexan aceptadas socialmente. No curso abordaremos os diferentes tipos e manifestacións das violencias machistas que poden darse nos establecementos. Veremos as pautas para identificar, previr e actuar ante as violencias, pero tamén nocións básicas sobre como deseñar e implementar unha “Folla de Ruta”, isto é, un plan adaptado á realidade de cada establecemento con accións concretas, contribuíndo con isto a crear un espazo seguro e libre de violencias sexuais.

CURSO ESPECÍFICO

Intervención dende o tecido asociativo fronte ás violencias machistas

As asociacións e entidades sociais realizan unha labor fundamental no tocante a acadar unha maior xustiza social, pero tamén na participación e dinamización da cidade. Como promotoras de cambios en torno ás prácticas e ideas da poboación, teñen tamén un importante papel no impulso de modelos alternativos de convivencia en igualdade para conseguir unha cidade libre de violencias. A proposta deste curso é adentrarnos neste contexto, proporcionando pautas específicas que contribúan á identificación, prevención e actuación sobre as violencias machistas. Co fin de adaptarnos á realidade de cada entidade, expoñeremos nocións básicas sobre o deseño e implementación dunha “Folla de Ruta”, isto é, un plan adaptado á realidade de cada entidade con accións concretas, contribuíndo con isto a crear un espazo libre de violencias machistas.



REQUISITOS:

Recoméndase ter realizado o Curso Básico

A QUEN VAI DIRIXIDO:

Priorizaranse as asociacións e entidades sociais

DURACIÓN:

4 horas

MODALIDADE:

- Online
- Presencial

MODO DE INSCRICIÓN:

É necesario encher un formulario que atoparás na páxina web ou no código QR da última folla deste folleto

DIPLOMA:

Entregarase ao finalizar o curso



CURSO ESPECÍFICO

Intervención dende os medios de comunicación fronte ás violencias machistas

REQUISITOS:

Recoméndase ter realizado o Curso Básico

A QUEN VAI DIRIXIDO:

Priorizaranse as empresas do ámbito dos medios de comunicación

DURACIÓN:

4 horas

MODALIDADE:

- Online
- Presencial

MODO DE INSCRICIÓN:

É necesario encher un formulario que atoparás na páxina web ou no código QR da última folla deste folleto

DIPLOMA:

Entregarase ao finalizar o curso

Os medios de comunicación son un importante axente de socialización, aos que poden acceder miles de persoas, tendo un efecto multiplicador moi considerable na opinión pública. A linguaxe, a publicidade ou os contidos informativos poden ser aspectos que reproduzan as desigualdades, pero ben empregados, poden contribuir á sensibilización da poboación e a superar crenzas que perpetúan os roles e estereotipos de xénero. No curso veranse ferramentas e instrumentos para realizar un tratamento respectuoso das violencias machistas e a visibilización das mesmas, así como pautas específicas para a detección, prevención e actuación sobre as violencias dun xeito consciente e eficaz. Tamén se proporcionarán nocións básicas para deseñar e implementar unha “Folla de Ruta”, isto é, un plan adaptado á realidade de cada entidade con accións concretas, contribuíndo con isto a crear un espazo libre de violencias machistas.

Inscríbete



+ INFO 

<https://www.coruna.gal/igualdade/gl/programas-e-actividades/pacto-contras-violencias-machistas>



senviolenciasmachistas@coruna.es